

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Anaya Revuelta, Inmaculada
Cruces Colado, Susana
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
González Álvarez, M^a Dolores

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Álvarez Lugris, Alberto
Báez Montero, Inmaculada C.
Becerra Suárez, Carmen
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luís
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Rodríguez, Áurea
García-Miguel Gallego, José M^a.
Ledo Lemos, Francisco José
Luna Sellés, Carmen
Martín Lucas, Belén
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Parada Diéguez, Arturo
Pereira Romasanta, Raquel
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Ramallo Fernández, Fernando
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Salceda Rodríguez, Hermes
Sánchez Trigo, M^a Elena
Seoane Posse, Elena C.
Veiga Díaz, M^a Teresa

Sector (B) Profesorado

Ferreiro Vázquez, Óscar
Yáñez Bouza, Nuria

Sector (C) Alumnado

Bello Davila, Cristina
Carrillo Rodríguez, Lara
Pereira Romasanta, Raquel
Pérez Álvarez, Raúl Manuel

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 22 de febreiro de 2019, martes, ás 10.30 h en primeira convocatoria, e ás 11 h en segunda convocatoria no Salón de Actos

ORDE DO DÍA

1- Aprobación das actas de sesións anteriores (19-12-18; 18-2-19)

Unha vez feitas as correccións sobre presencias e ausencias, apróbanse por asentimento.

2- Informe do decano

2.1 Dáse a palabra á vicedecana de Relacións Internacionais, Maribel del Pozo. Esta indica que houbo unha reunión en Madrid para os servizos de relacións internacionais das universidades españolas. Desde a ORI da nosa universidade informouse de que nesta reunión se indicou que pola incerteza do Brexit non aconsellan enviar para o vindeiro curso nin alumnado nin profesorado no marco dos intercambios Erasmus. Con todo, isto non impide que se poidan asinar acordos bilaterais coas universidades coas que xa exista relación previa.

2.2. Edugal. Os vindeiros días 27, 28 de febreiro e 1 de marzo terá lugar a feira Edugal en Pontevedra. Xa se solicitou a colaboración de alumnado e profesorado. O decanato agradece a participación de todas as persoas que se presentaron voluntarias. Recordamos que a prioridade son as tarefas de captación de alumnado.

2.3 Haberá unha nova Xunta de Facultade proximamente para aprobar os informes de calidade (7 en total) así como o peche do orzamento 2018 e a aprobación do orzamento 2019,

2.4 O pasado luns dirixiuse desde o decanato un escrito a profesorado sobre GCLEL para que siga normalmente o curso que vén. Neste mesmo intre o reitor está reunido

Sector (D) PAS

Otero Rey, María Belén
López González, Rosa María

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Baltrusch, Burghard
Baxter, Robert Neal
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Corvo Sánchez, M^a. José
Costas González, Xosé Henrique
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Díaz Fouces, Óscar
Galanes Santos, Iolanda
García González, Marta
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Martínez, Alejandro
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Lorenzo García, M^a Lourdes
Martínez Ínsua, Ana Elina
Miquel Vergés, Joan
Pérez Guerra, Javier
Quilis Sanz, M^a José
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ribao Pereira, Montserrat
Rodríguez Guerra, Alexandre
Seijas Montero, María
Solla González, Amparo
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Sueiro Justel, Joaquín

Ausencias sen xustificar

Álvarez Suárez, Vera
Amosa Mendoza, Esther
Andrés Iglesias, Jesús
Angueira Viturro, Anxo
Buceta Bugallo, Fuensanta
Candelas Colodrón, Manuel A.
Diz Ferreira, Jorge
Fernández Berciano, Enya
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Pena, Yolanda
Fernández Salgado, Xosé A.
García Fonte, Nuria
Garrido Rodrigues, Carlos
Gamallo Valladares, Andrea
Gil Vicente, Alba
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González López, Sixto
González Maestro, Jesús
Iglesias van der Woude, Miguel
López Pais, Cristina
Luna Alonso, Ana
Marcos Vázquez, Juan Antonio

cos responsables da Xunta de Galicia para tratar este asunto. O decano ten esta mesma tarde unha reunión co reitor onde lle transmitirán o resultado desta reunión. O decano pedirá reabrir a singularidade deste grao.

3. Aprobación, se proceder, da PDA da FFT para o curso 19-20

Deposi de recibir a PDA para o curso 19-20, revisouse e resolvéronse os erros detectados, por exemplo no GTI, onde “desapareceran” 1200 horas de optativas. Pediuase a activación de dous grupos das materias 502 e 505 do GLE polo elevado número de matrículas. No GTI non se ofrecerán as materias 704 e 803, porque este ano non houbo matrícula nas de 3º ano con esa combinación (fr-gl), polo que resulta lóxico que tampouco as haxa en 4º. Eliminouse tamén un grupo de prácticas na materia 202 do GCLEL.

Houbo 3 solicitudes para a PDA.

Unha de Burghard Baltrusch solicita a activación das materias G180607 e G180706 porque son parte da oferta de 2º idioma moderno do GLE, o que se recolle na PDA proposta pra ser votada. Outras dúas de Miguel Cuevas e Alexandre Rodríguez respectivamente sobre o cambio de cuadrimestre en dúas materias do GCLEL que van vencelladas. Vista a situación de risco de supervivencia do GCLEL non procede facer estes cambios nin activar o módulo de ensino de linguas, máxime cando acaba de enviarse a solicitude dun novo mestrado en ELE. Hai que salientar ademais que non se reducen horas da PDA, como viña sucedendo nos últimos anos.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Miguel Cuevas: Non se debería implantar ese módulo sen saber aínda a situación do GCLEL.

Concha Báez: Implantar un módulo ou un máster é cuestión de perspectiva de captación de alumnado. Precisamente a implantación dese módulo faría máis atractivo o GCLEL. O Máster de Linguas Aplicadas xa ten na actualidade un módulo de ensino de linguas.

Rosa Pérez: O interese do GCLEL sería maior con máis módulos, pero non hai alumando dabondo, polo que non estamos na situación ideal para implantalos. Fíxose algunha consulta sobre o interese do alumnado?

Ademais, durante anos houbo capacidade docente nos departamentos implicados, pero agora xa non é así porque hai máis profesorado con sexenios e unha nova normativa de profesorado.

Miguel Cuevas: O mestrado ELE é estratéxico e no departamento de Lingua Española sabíase que este se ía pedir.

O decano indica que se fixo unha enquisa entre 25

Montero Küpper, Silvia
Navaza Blanco, Gonzalo
Nogueiras Justo, Francisco Manuel
Peres Rodríguez, José Henrique
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourne, Virginia
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Ruzicka Kenfel, Veljka
Santos García, Mercedes
Souto Rodal, Tania
Torres Sotelo, Laura
Urdiales Shaw, Martín
Valado Fernández, Liliana
Vega Martínez, Lucía
Veiga López, Daniel
Yuste Frías, José

alumnas e alumnos e o voto está moi disperso.

Tras a rolda de intervencións solicítase a aprobación da PDA 19-20. Apróbase por asentimento.

4. Aprobación se proceder da bolsa de horas de recoñecementos de actividades de xestión docente.

Dáse a palabra a secretaria da FFT. Esta explica os criterios para o recoñecemento de actividades de apoio a docencia e ao intercambio de estudantes que se enviou (cf. Anexo) Houbo unha redución de horas, pasamos de 654 a 617 (37 horas menos). Polo tanto propónse unha redución no recoñecemento para intercambio de estudantes. Faise a partir de 5 estudantes propios titorizados, 0,5 h por estudante. Dáse máis peso á participación en tribunais de fin de grao proporcional ao número de TFG avaliados, a partir de 4 traballos:

- 15 ou máis TFG: 6 horas/profesor ou profesora
- 10 ou máis TFG: 5 horas/profesor ou profesora
- 4 ou máis TFG: 3,5 horas/profesor ou profesora

Hai que corrixir algúns erros que se sinalan. Apróbase por asentimento.

5. Rolda de intervencións

O decano aproveita para felicitar a profesora Belén Martín Lucas pola obtención da cátedra, e a profesora Marta García González pola obtención da titularidade.

A profesora Nuria Yáñez quere saber se xa está informado o alumnado de que non pode pedir destinos Erasmus para Reino Unido. A vicedecana de Relacións Internacionais responde que si o están, e aproveita para indicar que as persoas titoras destes destinos poden poñerse en contacto con ela por se queren asinar un convenio bilateral.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12. 34 horas.

Vigo, 22 de febreiro de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do
Regulamento Interno da FFT, 67 dos Estatutos

*da Universidade de Vigo e 26.3 e 27 da Ley de
Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas
y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día ____ de _____ de 2019.

A Secretaria da Facultade

M^a Susana Cruces Colado